

Resumo do Traballo de Fin de Grao

Un dos aspectos máis difíciles de administrar dentro da pequena e mediana empresa é o feito de que todos os empregados traballen o mesmo número de horas. Este proxecto consiste no análise, deseño e implementación dunha ferramenta na que a dirección da empresa poida realizar consultas sobre as horas de traballo do seu persoal. O principal obxectivo é que a empresa poida analizar as horas traballadas por cada un dos seus empregados e valorar o seu rendemento. O sistema deberá ter unha interfaz de usuario clara e sinxela e estará dotado de moitas opcións gráficas coa intención de que sexa intuitivo para a xerencia da empresa. Mostraranse aspectos como as horas traballadas cada mes, o número de horas de asuntos propios e de baixa laboral ou a data do inicio do contrato do traballador.

A información xestionarase a partir do deseño e desenvolvemento dunha base de datos, que será o centro en torno ao que xirará o proxecto.

O sistema desenvolverase coas directrices da metodoloxía áxil SCRUM. Haberá un especial interese no análise, de modo que a empresa obteña un software que se adapte realmente ás súas necesidades. Haberá visitas puntuais á localización real da empresa e reunións cara a cara co obxectivo de establecer uns requisitos claros e precisos. Coa intención de minimizar o coste do proxecto, utilizaremos unicamente software libre, polo que a empresa non terá que facerse cargo do pago de ningunha licencia.